



Orde do 3 de xuño de 2011 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional e se establece o procedemento de habilitación.

O Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, establece os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria.

No artigo 8.3 establécese que o segundo ciclo de educación infantil correrá a cargo de profesionais que posúan o título de Grao en Educación infantil, ou o título de mestre coa especialidade de educación infantil.

No artigo 12.1 prescribíse que os centros de educación primaria disporán, como mínimo, dun mestre por cada grupo de alumnos e garantirán, en todo caso, a existencia de graduados na educación primaria ou mestres coa cualificación adecuada para impartir a ensinanza de música, a educación física e as linguas estranxeiras.

Finalmente, o artigo 17 determina que para impartir as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato será necesario ter o título de Graduado, Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto, ademais do máster que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas, debendo acreditar, asemade, a cualificación específica para impartir ás áreas e materias respectivas.

A disposición adicional oitava do citado Real decreto establece que os profesionais que á entrada en vigor do mesmo estiveran habilitados para a docencia da educación infantil, nos dous ciclos, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria, do bacharelato, e da formación profesional manterán a dita habilitación, provendo na disposición transitoria segunda que as administracións educativas procederán, no prazo de dous anos á acreditación expresa do cumprimento dos requisitos aos que se refire o apartado primeiro da disposición adicional oitava.

Por Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, regúlense as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.



Resultando necesario desenvolver as mencionadas normas e establecer o procedemento de acreditación da habilitación para o exercicio da docencia, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN

**Primeiro.- Obxecto**

A presente Orde ten por obxecto desenvolver o Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria e o Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, polo que se regulan as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato e establecer o procedemento para habilitar ó profesorado para exercer docencia na educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

**Segundo.- Ámbito de aplicación.**

A presente Orde é de aplicación ao persoal que teña o seu domicilio no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e desexe habilitarse para impartir docencia nos centros privados.

**Terceiro.- Condicións de formación inicial para impartir educación infantil e educación primaria.**

Resulta de aplicación a regulación contida na Orde do 11 de outubro de 1994 pola que se regulan as titulacións mínimas que deben posuír os profesores dos centros privados de educación infantil e primaria, engadíndose as correspondentes titulacións de grao de educación infantil e de educación primaria.

Non terán que solicitar certificación de habilitación o persoal que posúa algunha das titulacións que se relacionan no anexo I da presente Orde.



#### **Cuarto.- Condicións de formación inicial para impartir educación secundaria obrigatoria e bacharelato.**

1.- Os requisitos de formación inicial para impartir as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato son:

- a) Ter un título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou un título oficial de Educación superior de graduado.
- b) Acreditar unha cualificación específica adecuada para impartir as materias respectivas.
- c) Ter a formación pedagóxica e didáctica á que fai referencia o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2.- A cualificación específica requirida para impartir as materias da educación secundaria obrigatoria e bacharelato acreditarase mediante os procedementos previstos no artigo 3º do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo.

#### **Quinto.- Formación pedagóxica e didáctica.**

1.- O profesorado que imparta educación secundaria obrigatoria, bacharelato ou formación profesional específica deberá acreditar a formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e polo tanto estar en posesión do correspondente título de máster regulado pola Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, polo que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

2.- Non será necesaria a posesión do citado título oficial de máster antes mencionado para o persoal solicitante de habilitación que acredite estar en posesión, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, dalgún dos seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de cualificación pedagóxica ou do certificado de aptitude pedagóxica.
- b) Estar en posesión dun título universitario oficial que habilite para o exercicio da profesión de mestre, ou dun título de licenciado en pedagogía ou psicopedagogía, así como calquera outro título de Licenciado ou outra titulación declarada equivalente ao mesmo que inclúa formación pedagóxica e didáctica.



- c) Ter impartido docencia durante un mínimo de 12 meses en centros públicos ou privados de ensinanza regrada, debidamente autorizados, nos niveis e ensanzas cuxas especialidades docentes se regulan no Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

**Sexto.- Condicións de formación inicial para impartir formación profesional específica e os módulos específicos dos programas de cualificación profesional inicial.**

1.- As titulacións esixidas para obter a habilitación para impartir os módulos de formación profesional específica son as que para cada módulo se establecen no Decreto polo que se aproba o correspondente título.

Cando a titulación alegada sexa xenérica deberá cumprirse algún dos seguintes requisitos:

- que as ensanzas conducentes á titulación alegada englobe os obxectivos do módulo profesional.
- que se acredite mediante certificación unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos no sector vinculado á familia profesional, realizando actividades produtivas en empresas relacionadas implicitamente cos resultados de aprendizaxe.

2.- Para solicitar a habilitación para impartir formación profesional deberá acreditarse a oferta de traballo dun centro privado da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Sétimo.- Condicións de formación inicial para impartir a lingua galega e a literatura galega na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.**

Será necesario estar en posesión de calquera título de Licenciado da área de humanidades ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de Artes e Humanidades, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.

**Oitavo.- Condicións de formación inicial para impartir unha materia optativa na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.**

1.- Cando a materia estea adscrita á área de ciencias será necesario estar en posesión de calquera título de Licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de Ciencias



Experimentais e da saúde, das ensinanzas técnicas ou das ciencias sociais e xurídicas ou calquera título oficial de Graduado da rama de coñecemento de ciencias, de enxeñería e arquitectura, de ciencias da saúde ou de ciencias sociais e xurídicas, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.

2.- Cando a materia estea adscrita á área de letras será necesario estar en posesión de calquera titular da área de humanidades ou calquera título oficial de Graduado da rama de coñecemento de Artes e humanidades, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.

**Noveno.- Condicións de formación inicial para impartir os módulos obrigatorios dos programas de cualificación profesional inicial.**

1.- O módulo da competencia comunicativa e dixital será impartido por persoal que reúna os requisitos para ser habilitado para a impartir a lingua galega ou a lingua castelá da educación secundaria.

2.- O módulo da sociedade e da cidadanía será impartido por persoal que reúna os requisitos para impartir calquera das seguintes materias da educación secundaria: as ciencias sociais, xeografía e historia, xeografía ou historia de España.

3.- O módulo científico-tecnolóxico será impartido por persoal que reúna os requisitos para ser habilitado para impartir calquera das seguintes materias da educación secundaria: tecnoloxía, matemáticas, bioloxía, xeoloxía, física e química, física ou química.

4.- O módulo de iniciativa persoal e relacións laborais será impartido por persoal que reúna os requisitos para ser habilitado para impartir calquera das seguintes materias ou módulos profesionais do ensino secundario: formación e orientación laboral, economía, ciencias sociais-xeografía e historia.

**Décimo.- Condicións de formación inicial para impartir os módulos formativos conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria dos programas de cualificación profesional inicial.**

1.- O ámbito de comunicación será impartido por persoal que reúna os requisitos para ser habilitado para impartir calquera das seguintes materias da educación secundaria: lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira.

2.- O ámbito social será impartido por persoal que reúna os requisitos para ser habilitado para impartir calquera das seguintes materias da educación secundaria: ciencias sociais, xeografía e historia, educación para a cidadanía.



3.- O ámbito científico-tecnolóxico será impartido por persoal que reúna os requisitos para ser habilitado para impartir calquera das seguintes materias da educación secundaria: ciencias da natureza, bioloxía, xeoloxía, física, química, matemáticas e tecnoloxía.

**Décimo primeiro.- Condicións de formación inicial para impartir os ámbitos dos programas de diversificación curricular.**

1.- O ámbito específico de carácter lingüístico-social será impartido por persoal que reúna os requisitos para impartir calquera das seguintes materias da educación secundaria: ciencias sociais-xeografía e historia, lingua galega e lingua castelá.

2.- O ámbito científico-técnico será impartido por persoal que reúna os requisitos para impartir calquera das seguintes materias da educación secundaria: matemáticas, bioloxía, xeoloxía, física e química, física, química.

**Décimo segundo.- Requisito de coñecemento da lingua galega.**

O profesorado para exercer a docencia nos centros pertencentes ó ámbito de aplicación desta Orde deberán estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de lingua galega ou outros estudos declarados equivalentes.

**Décimo terceiro.- Solicitude da habilitación**

A solicitude de acreditación da habilitación realizarase a través da páxina web na dirección [www.edu.xunta.es/habilitacions](http://www.edu.xunta.es/habilitacions).

Na solicitude farase constar a área ou áreas e materia ou materias para as que se solicita a acreditación de habilitación. Cando se trate dunha solicitude de habilitación para materias de educación secundaria obrigatoria, bacharelato ou formación profesional indicárase, cando sexa o caso, as materias relacionadas coa formación que se desexa acreditar, con expresión do número de créditos ou créditos ECTS de formación de cada unha ou o, en defecto de créditos, dos cursos académicos nas que se cursou.

**Décimo cuarto.- Prazo de solicitude**

Os prazos de solicitude da habilitación serán os seguintes.

- a) mes de xuño
- b) do 1 de setembro ao 15 de setembro, ambos incluídos
- c) do 10 de xaneiro ao 15 de xaneiro, ambos incluídos



d) do 1 de marzo ao 15 de marzo, ambos incluídos

### **Décimo quinto.- Órgano competente para outorgar a habilitación**

A habilitación para o exercicio da docencia nos centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia outorgaraa o director xeral de Centros e Recursos Humanos, a proposta da Comisión Autónoma de Habilitacións.

### **Décimo sexto.- Comisión Autónoma de Habilitacións**

1.- A Comisión Autónoma de Habilitacións estará composta por:

Presidencia: O subdirector xeral de Recursos Humanos

Vogais:

- A subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo
- O subdirector xeral de Centros
- O xefe de servizo de Ordenación e Formación Profesional
- Un funcionario ou funcionaria do corpo de inspectores de Educación ou do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa, por cada xefatura territorial, designados a proposta do xefe ou xefa territorial correspondente.
- Unha xefatura de sección de centros dunha xefatura territorial, designada a proposta do director xeral de centros e recursos humanos
- Un funcionario ou funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá as funcións de secretaria, con voz e sen voto.

2.- As sesión da comisión poderá asistir, con voz e sen voto, un representante designado polos sindicatos do ensino privado e un representante designado polas organizacións patronais, en ambos os casos con representación nesta comunidade autónoma.

3.- No exercicio das súas funcións a Comisión Autónoma de Habilitacións poderá solicitar os informes que estime pertinentes.

### **Décimo sétimo.- Dereito a percibir asistencias e axudas de custo.**

Os membros da comisión autónoma de habilitacións terán dereito a percibir as asistencias e axudas de custo por concorreren as sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño. Para estes efectos, a comisión autónoma considerarse incluída na categoría primeira.



#### **Décimo oitavo.- Custodia dos expedientes.**

Os expedientes administrativos derivados da acreditación de habilitacións custodiaranse nas xefaturas territoriais nas que fosen presentados.

#### **Disposición adicional primeira.- Habilitación específica.**

Aquelas persoas que desempeñasen funcións docentes en centros privados o 13 de marzo de 2010 e que continúen desempeñándoas á entrada en vigor da presente Orde, tras unha habilitación ou autorización provisional expresa ou tácita, se non reúnen os requisitos establecidos no Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, serán habilitados para o exercicio da docencia exclusivamente no centro no que prestan servizos e para a especialidade ou especialidades que imparten.

#### **Disposición adicional segunda.- Docencia dos mestres na educación secundaria obrigatoria.**

De conformidade coa disposición adicional segunda do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, os mestres que estean impartindo dos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria no momento da entrada en vigor do mesmo poderán continuar realizando a mesma función nos postos que veñan ocupando ou noutros centros privados.

Se estes mestres deixasen de impartir docencia nos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria, decaerán na súa habilitación para impartir as ditas ensinanzas.

#### **Disposición adicional terceira.- Ensinanza da lingua estranxeira en educación primaria.**

O profesorado que estea impartindo docencia das linguas estranxeiras en educación secundaria obrigatoria ou bacharelato poderá impartir excepcionalmente ensinanzas das linguas estranxeiras respectivas na etapa de educación primaria, sempre que se trate do mesmo centro ou centros do mesmo titular.

#### **Disposición adicional cuarta.- Condicións de formación inicial para impartir o primeiro ano dos módulos obrigatorios dos programas de cualificación profesional inicial.**





Sen prexuízo do establecido no apartado sexto da presente orde, en función da normativa aplicable, poderán impartir o primeiro ano dos módulos obrigatorios dos programas de cualificación profesional inicial – competencia comunicativa e dixital, sociedade e cidadanía e o científico-tecnolóxico -, o persoal coa titulación esixida para impartir a educación primaria.

**Disposición adicional quinta.- Prazo para posuír o requisito de coñecemento da lingua galega.**

Para exercer a docencia na educación infantil e nas áreas correspondentes á especialidade de primaria e nas materias de ciencias sociais, xeografía e historia, ciencias da natureza, bioloxía e xeoloxía da educación secundaria obrigatoria, o persoal que procedendo de centros de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia non reúna os requisitos de formación en lingua galega previstos no artigo ... do presente decreto, disporá de dous anos, desde a súa incorporación para acreditar a formación necesaria en lingua galega.

De non acreditar esta formación no prazo sinalado decaerá no seu dereito a continuar impartindo docencia nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Disposicións transitorias**

**Primeira.- Primeiro prazo para solicitar as habilitacións no 2011.**

O primeiro prazo para solicitar as habilitacións abranguerá desde a entrada en vigor da presente Orde ata o 30 de xuño de 2011.

**Segunda.- Acreditación da habilitación para a docencia prevista na disposición transitoria segunda do Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.**

1.- Todos os profesionais habilitados para a docencia da educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional á entrada en vigor do Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, solicitarán durante o mes de febreiro de 2012 o mantemento da dita habilitación na dirección [www.edu.xunta.es/habilitacions](http://www.edu.xunta.es/habilitacions).



2.- Os profesionais que en aplicación da Orde do 25 de novembro de 1997 pola que se regulan os requisitos que deben posuír os profesores dos centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia para impartir a área de lingua galega e literatura e as materias optativas da educación secundaria obrigatoria e bacharelato; determínanse os coñecementos necesarios de lingua galega dos profesores e o procedemento de habilitación para exercer a docencia na educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, non necesitasen solicitar a certificación de habilitación efectuarán agora a dita certificación achegando certificado da dirección do centro no que están prestando servizos e fotocopia compulsada da titulación que posúen. Na certificación de servizos farase constar as materias ou módulos que se imparten e o nivel educativo no que se imparten.

3.- Os profesionais que si teñen unha acreditación da súa habilitación efectuarán solicitude de mantemento de dita habilitación, aportando fotocopia compulsada da mesma e certificado de servizos da dirección do centro.

4.- As novas habilitacións axustaranse as novas denominacións das materias nos plans de estudos vixentes.

### **Disposición derogatoria.**

Queda derogada a Orde do 25 de novembro de 1997 pola que se regulan os requisitos que debe posuír o profesorado dos centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia para impartir a área de lingua galega e literatura e as materias optativas da educación secundaria obrigatoria e bacharelato; determínanse os coñecementos necesarios de lingua galega do profesorado e o procedemento de habilitación para exercer a docencia na educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

### **Disposicións derradeiras**

#### **Primeira.- Autorización de desenvolvemento.**

Autorízase ao director xeral de centros e recursos humanos a ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento desta Orde.

#### **Segunda.- Entrada en vigor**

A presente Orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## **ANEXO I**



<b>Especialidade</b>	<b>Titulación</b>
<b>Primeiro ciclo de educación infantil</b>	<b>-Técnico superior en educación infantil -Técnico especialista en educación infantil ou xardín de infancia</b>
<b>Primeiro e segundo ciclo de educación infantil</b>	<b>-Título de grao de educación infantil -Mestre coa especialidade de educación infantil -Profesor de EXB coa especialidade de preescolar</b>
<b>Educación primaria</b>	<b>-Título de grao de educación primaria -Mestre, profesor de EXB e mestre de ensino primario</b>
<b>Música</b>	<b>Mestre coa especialidade de educación musical Título de Grao de educación primaria coa mención correspondente</b>
<b>Educación física</b>	<b>Mestre coa especialidade de educación física Título de grao de educación primaria coa mención correspondente.</b>
<b>Lingua estranxeira (francés, inglés)</b>	<b>Mestre ou profesor de EXB coa especialidade correspondente. Título de grao de educación primaria coa mención correspondente.</b>
<b>Pedagogía terapéutica</b>	<b>Mestre coa especialidade en educación especial Título de grao de educación primaria coa mención correspondente.</b>
<b>Audición e linguaxe</b>	<b>Mestre coa especialidade en audición e linguaxe Título de grao de educación primaria coa mención correspondente.</b>